

CIRCULAR INFORMATIVA Nº2 SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Estimados/as pais/nais de alumnado deste centro:

A resolución de 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación (D.O.G. 30/09/22) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de Centros de Educación non universitarios. Infórmolles, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais do alumnado.

1.- CONSELLO ESCOLAR

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. Neste centro a súa composición é a seguinte:

- Directora (presidenta)
- Xefa de Estudos
- 5 mestres/as representantes do profesorado
- 5 Pais/nais de alumnado (1 proposto pola ANPA) Este curso **renóvanse 2**.
- 1 representante do persoal de administración/servizos
- 1 Representante do Concello
- Secretaria (con voz pero sen voto)

2.- XUNTA ELECTORAL

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha XUNTA ELECTORAL formada por:

- Directora do centro
- 1 Profesor/a (elixido en sorteo público)
- 1 Pai/nai de alumno/a (elixido en sorteo público)

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

a) Electores

Son o pai e a nai ou os titores legais (**poden votar os dous**) do alumnado matriculado no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcripción**), se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro póñao en coñecemento **antes do día 14 de novembro** para que a directora proceda á súa rectificación, e proceda a dar conta á Xunta electoral para a súa aprobación.

b) Elixibles

Tódos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo á Xunta Electoral, para elo pode pedir o **impreso oficial** en conserxería.

O prazo de presentación de candidaturas será do **4 ao 11 de novembro** (ámbolos dous inclusive) e debe entregar Vde. a súa solicitude na dirección ou conserxería do CEIP Vila de Rutis, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

c) Elección

A votación para a elección dos pais/nais farase entre os candidatos, admitidos e proclamados pola Xunta Electoral, o vindeiro día **28 de novembro** no CEIP Vila de Rutis, diante dunha mesa electoral constituída por:

- A directora do centro, que será a súa presidenta.
- Dous pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o día 14 de novembro ás 15:45 horas).

A Xunta Electoral acordou que o horario de votación fose de **13,30 a 18,00 h**, para facilitar que todos os pais e nais poidan exercer o seu dereito ao voto. Ao remate farase o escrutinio público dos resultados.

O voto será directo, segredo e non delegado. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo. **Na papeleta marcará un nome.**

d) Supervisores

Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio avalados/as pola sinatura de **dez** pais/nais.

Aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación. (Polo menos 4 días antes das eleccións).

Aos membros integrantes da Xunta Electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente.

Se necesita máis información sobre o proceso pode Vde. pasar polo colexio e facilitaráselle a información que precise en dirección.

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa e recordamos que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais de alumnado se presenten o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

Reciban un cordial saúdo.

Culleredo, 3 de novembro de 2022

A DIRECTORA (PRESIDENTA) DA XUNTA ELECTORAL)



Asdo.: Eladia Cabañas Fernández